



O USO DIDÁCTICO DO PODCAST


Agora que xa sabemos gravar audio en liña, enlazar e subir arquivos de audio e incrustar *iframes* con arquivos de audio en Moodle, imos aprender a crear podcasts en Moodle e ver como subir episodios a ese podcast. Tamén veremos como crear podcasts e subir episodios nun servidor de podcasting. Pero, primeiro, cómpre coñecer a que chamamos “podcast”:

1. QUE É UN PODCAST?

“Podcast” é un acrónimo das palabras inglesas **iPod** (reprodutor portátil de música de Apple) e **broadcast** (difusión). O termo foi acuñado polo periodista Ben Hammersley no artigo [Audible Revolution](#) publicado no diario *The Guardian* en 2004. Nese artigo o xornalista falaba do “boom” da radio *amateur* en internet debido á posibilidade de crear programas de radio con software moi económico e subilos a internet. Tamén consideraba unha vantaxe que os subscritores dun programa de radio en internet puideran descargar e reproducir os episodios desde programa en calquera momento e deixar os seus comentarios na nube. Deste xeito se universalizaba e democratizaba a radio porque calquera podía converterse en locutor de radio ou en subscritor dun programa na nube por poucos cartos, e ambos (locutor e subscritor) se retroalimentaban mutuamente.



Novo iPod “touch” de Apple (captura de pantalla da [páxina web de Apple](#))

Pero a **difusión** de podcast non sería posible ata a aparición dos arquivos ou **feeds RSS**  (“sindicación realmente simple”, polas súas siglas en inglés [*really simple syndication*]). Os arquivos RSS teñen un formato de datos .xml e serven para redifundir contidos a subscritores dun sitio web.

Poñamos un exemplo para velo máis claro, imaxina que creamos un podcast (é dicir, un programa de radio online) na aula Moodle, e queremos que nos cheguen os últimos episodios publicados nese podcast á app Google Podcasts (que temos descargada no noso móbil). Para subscribirnos a ese podcast e recibir os últimos episodios en Google Podcasts, teríamos que obter o arquivo ou *feed* RSS dese podcast de Moodle e subscribirnos en Google Podcast con ese arquivo.

Tamén poderíamos obter un arquivo ou *feed* RSS dun foro ou dun glosario de Moodle para estar ao día das actualizacións. Este arquivo RSS o poderíamos incrustar, por exemplo, no noso blog, para recibir as últimas entradas nesas dúas actividades de Moodle. Desta forma, non teríamos que entrar en Moodle para estar ao tanto das últimas entradas. Os *feeds* RSS teñen que ser habilitados polo administrador/a do sitio, de Moodle, neste caso (ver nota ao final).



2. COMO SE CREA UN PODCAST?

- **En Moodle:** o primeiro que imos ver é como crear un podcast en Moodle (podcast é unha actividade de Moodle): Ir ao noso curso de Moodle → Activar edición → Engadir unha actividade ou un recurso → Podcast → Engadir

Actualizando Podcast en PODCAST

▼ Xeral

Podcast name *

Descrición

Parágrafo

Hi there! This is English B1 (group 8) podcast. If you wanna know the breaking news listen to this podcast! See you around!

Ruta: p

Presentar a descrición na páxina do curso

Maximum attachment size

▼ RSS

Enable RSS

Number of episodes

RSS sort order

▼ iTunes

Enable RSS for iTunes

Subtitle

Author

Keywords

Category

Explicit content

Escollemos "si" se queremos habilitar o RSS *feed* para permitir que o alumnado se subscriba ao podcast no seu blog, en buscadores de podcast ou en servidores de podcast.

Escollemos "si" se queremos habilitar o RSS *feed* para permitir que o alumnado se subscriba ao podcast do grupo na aplicación iTunes de Apple.




En “Posting options” se pode permitir (ou non) comentarios aos episodios de podcast, permitir (ou non) ao alumnado subir episodios ao podcast (obviamente diremos que si), requirir (ou non) aprobación por parte do profesor/a antes de que se suba un episodio, amosar (ou non) o nome dos autores e/ou dos que viron os episodios, etc. Tamén se pode subir unha imaxe do podcast e puntualo.

Así quedaría o podcast:


Para obter o *feed* ou canle RSS do noso podcast para que o alumnado se poida subscribir a el, habería que seguir esta ruta: Administración → Podcast administration → **RSS feed for this activity** (este *feed* lles serviría para subscribirse a este podcast nun blog, nun buscador de podcast (Google Podcast) ou nun servidor de pódcast (ivoox, Soundcloud, Spreaker, Spotify...). Para subscribirse a este podcast en iTunes (reprodutor de MP3 de Apple) poderían ou ben utilizar o RSS *feed* anterior ou ben obter o arquivo .pcast premendo en **Subscribe en iTunes**.



Se prememos en **RSS feed for this activity** obtemos a URL do arquivo RSS (en formato .xml), aparece na barra de navegación, habería que copiala e pegala no blog, buscador ou servidor de podcast. OLLO! Esta URL non aparece en tódolos navegadores (non todos teñen lector de RSS), polo que aconsello utilizar Google Chrome ou Firefox:





Agora imos subscribirnos a este podcast no buscador de podcast Google Podcasts, tamén poderíamos baixar a aplicación no móbil e subscribirnos a través da aplicación. Engadimos a URL do arquivo .xml:





Para subscribirnos ao podcast en iTunes debemos abrir iTunes → Arquivo → Subscribirse a un podcast. Pegamos a URL do arquivo .xml e aceptamos.





- **Nun servidor de podcast:** os servidores de podcast, tamén chamados *hostings* (plataforma de almacenamento), permiten crear podcasts e subir episodios (MP3) a estes, así como obter un *feed* ou canle RSS para que os usuarios do *hosting* poidan subscribirse ao teu podcast(s).

Hai moitos servidores para o almacenamento de podcasts, a maioría ofrecen certa capacidade de almacenamento de audio gratuíto, pero unha vez superado ese límite habería que pagar. Ademais, permiten escoitar os podcast en liña, compartilos nas redes sociais ou a través dun “iframe” e, ás veces, obter o arquivo *feed* RSS para subscribirse ao podcast en cuestión. Os máis coñecidos son, entre outros: **iVoox, Soundcloud, Spotify, Spreaker ...** Estes *hostings* tamén dispoñen de apps para android, Apple Podcasts estaría dispoñible en iPhone, iPad e Apple Watch.

Velaquí algúns exemplos de podcasts almacenados en *hostings* de podcasts:

Por CFR Pontevedra

Formación Radio Escolar Lalín - Europa xeográfica

REPRODUCIR 00:00 05:06

Descargar APP

Podcast “[Formación Radio Escolar Lalín – Europa xeográfica](#)”, con episodio, creado en ivoox polo CFR Pontevedra.

Sprechen Sie Deutsch?

Aleman_EOI Vilagarcía

Reise an Weihnachten nach Santiago und Berlin

hace 5 años #eoivga

Me gusta Repostear Compartir Más

35

Podcast “[Reise an Weihnachten nach Santiago und Berlin](#)”, con episodio, creado en Soundcloud por Aleman_EOI Vilagarcía.

La Ventana

Categoría: Noticias diarias

Creado por: Cadena SER

PLAY

f t <> EMBED


“ El programa líder de las tardes, con Carles Francino: información de última hora, opinión, cultura y humor. ”

La Ventana, 19-20h - 19/02/2021	19 feb	52:54
La Ventana, 18-19h - 19/02/2021	19 feb	51:48



Podcast “[La Ventana](#)”, con dous episodios (ten máis), creado en Spreaker por Cadena SER.



Tamén existen moitas **emisoras de radio** que almacenan os seus podcasts na súa páxina web e permiten escoitalos en liña, compartilos nas redes sociais ou a través dun “iframe” e, ás veces, descargar os MP3 e obter a canle RSS para subscribirse ao podcast en cuestión. Vexamos algúns exemplos de emisoras ou programas de radio que conteñen **podcasts educativos**:



Podcasts da BBC para aprender inglés aloxados na páxina web <https://www.bbc.co.uk/podcasts?q=english>.



Podcasts da Deutsche Welle (“[Deutsch lerner mit Podcasts – DW](#)”) para aprender alemán (entre paréntese aparece a canle RSS para que te poidas subscribir, tamén en iTunes).



Exemplos de **programas de radio con podcasts educativos** son: [SER Historia](#) (cadena SER), [A Hombros de Gigantes](#) (RNE), [La Brújula de la Ciencia](#) (ONDA CERO)...

Tamén hai podcasts aloxados nas páxinas web de **centros educativos** como, por exemplo: [Educación al día](#) (Facultade de Ciencias da Educación da UNED) ou en **sitios web temáticos**, como [Pasajes de la Historia](#) (aloxado en <https://www.pasajesdelahistoria.es>).

Tarefa 2.- Crear un podcast educativo en Moodle e subir episodio MP3 de internet



Por favor, preme en *play*  para escoitar as instrucións da tarefa. Os altavoces do teu equipo teñen que estar acesos 

IMPORTANTE: para escoitar as instrucións necesitas utilizar algún destes navegadores: Firefox (versión >=29) ou Google Chrome (versión >=49)

NOTA: véxase vídeo explicativo da tarefa 2

ⁱ O administrador/a pode habilitar os RSS *feeds* en Moodle do seguinte xeito:

1. Ten que habilitar os RSS *feeds* seguindo a ruta: Administración → Administración do sitio → Características avanzadas → Activar fontes RSS. Deste xeito xa estarían habilitados os RSS *feed* dos podcast subidos a Moodle.

Activar fontes RSS Predeterminado/a: Non
enablerssfeeds Este conmutador activará as fontes RSS en todo o sitio. Para ver calquera modificación precisará tamén activar as fontes RSS nos módulos individuais (vaia á Configuración dos módulos en Configuración da administración).

2. Se se quere habilitar, ademais, os RSS *feeds* doutras actividades, coma os foros ou os glosarios, tería que seguir esta ruta: Administración → Administración do sitio → Engadidos → Módulos de actividade e aquí activar o RSS *feed* de cada actividade

